



Informe

INCOACIÓN DO PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN DE BEN DE INTERESE CULTURAL DA CASA CORNIDE A CORUÑA



Contido

Introdución.....	3
0. FICHA TÉCNICA E CONTIDOS.....	5
1. CONTEXTO XEOGRÁFICO.....	6
1.1 Contexto xeográfico xeral.....	6
1.2 Morfoloxía urbana da cidade de A Coruña.....	7
1.3 Localización da Casa Cornide.....	7
2. FIGURAS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA.....	9
3. FIGURAS DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL.....	11
3.1 A Ley de Patrimonio de Galicia.....	11
3.2 Protección Arqueolóxica do subsolo.....	11
4. CONTEXTO HISTÓRICO E ARQUEOLÓXICO.....	12
4.1 Historia-Arqueoloxía (Contexto xeral).....	12
4.2 Intervencións arqueolóxicas na contorna.....	15
Bibliografía.....	19
5. ANÁLISE HISTÓRICA ARTÍSTICA DO EDIFICIO.....	20
5.1. Los orígenes: la Ciudad Vieja y el solar histórico de los Folgueira y Cornide.....	20
5.2. Diego Cornide: de abogado de prestigio a promotor arquitectónico. La construcción de la casa-palacio de A Coruña.....	23
5.3. La cuestión de la autoría, el estilo arquitectónico y su significado cultural: un edificio “rococó” entre el barroco gallego y el academicismo.....	25
5.4. Descripción y elementos constitutivos del exterior: fachadas, balcones, hierros artísticos, carpinterías y escudo heráldico.....	28
5.5. Descripción y elementos constitutivos del interior: el zaguán de entrada y la escalera monumental.....	37
5.6. La Casa Cornide y el patrimonio inmaterial: de Diego Cornide a José Cornide, el gran ilustrado gallego. Otros protagonistas.....	41
5.7. Un elemento de carácter mueble: la placa conmemorativa de 1892.....	44
5.8. Los avatares de la casa entre el siglo XIX y 1962. Transformaciones arquitectónicas, nuevos propietarios y proyectos frustrados.....	45
5.9. La Casa Cornide, residencia particular de Carmen Polo. Reformas arquitectónicas, apropiaciones y formación de un “museo imaginario” (1963-2018).....	50
5.10. La Casa Cornide en su contexto urbano y cultural: diálogos, preeminencias y significados.....	55
5.11. La Casa Cornide y el patrimonio arquitectónico de Galicia: un edificio singular de valor extraordinario.....	57
Agradecimientos.....	57
Fuentes documentales.....	58
Hemeroteca.....	60
Bibliografía.....	60
6. UNHA PERSPECTIVA DESDE A ARQUEOLOXÍA DA ARQUITECTURA.....	64
6.1. Planteamientos iniciales.....	64
6.2. Método de trabajo.....	64
6.3. Descripción de datos relativos a la evolución constructiva.....	65
6.4. Las fachadas.....	67
6.5. Conclusiones.....	72
Bibliografía específica.....	73
7. A ARQUITECTURA - ESTRUTURA.....	74
7.1. Introducción.....	74
7.2. Descripción construtiva.....	75
7.3. Descripción do comportamento estrutural.....	96
7.4. Planimetría anexa:.....	97
8. ESTUDIO DO ESTADO DE CONSERVACIÓN ACTUAL DA CASA CORNIDE.....	123

8.1. Objeto del informe.....	123
8.2. Ficha de la obra.....	123
8.3. Material constructivo. características.....	124
8.4. Clima. Orientación.....	126
8.5. Intervenciones realizadas en los siglos xix-xx en la casa cornide y en su entorno.....	126
8.6. Estado de conservación actual.....	128
8.7. Cartografía de lesiones.....	135
8.8. Recomendaciones de conservación para el futuro.....	142
Bibliografía.....	143
9. REXISTRO FOGRAMÉTRICO – 3D.....	144
9.1. Datos previos.....	144
9.2. Metodoloxía.....	145
9.3. Rexistro con Escáner Láser Terrestre (TLS).....	146
9.4. Rexistro con Estación Total.....	149
10. Archivos adjuntos ao informe.....	151

INTRODUCCIÓN

A Casa Cornide representa un elemento patrimonial de especial distinción para a cidade de A Coruña, tanto desde o punto de vista artístico, arquitectónico como histórico, incluída esa parte da memoria colectiva da cidadanía (que podemos definir como *historia inmaterial*) propiciada polos propios avatares derivados, singularmente, da súa crónica máis recente. A partires desta indiscutible premisa, a *Concellería de Educación, Cultura e Memoria Histórica do Concello de A Coruña* xunto coa *Comisión Municipal de Memoria Histórica* do mesmo Concello, propuxeron ao equipo de investigadores que máis adiante se detallará, a elaboración da documentación necesaria para a incoación do procedemento de declaración de *Ben de Interese Cultural (B.I.C.)* da Casa Cornide. O presente documento é o resultado deste proceso de investigación e análise, para a elaboración do cal tívose en conta o establecido no *TÍTULO I - Capítulo II (Procedemento de declaración de bens de interese cultural), artigos 15 a 24, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia*.

O traballo levado a cabo para conseguir o obxectivo antedito, combinou unha metodoloxía “de campo” (registro gráfico da arquitectura, co emprego de novas tecnoloxías, e análise da mesma *in situ*) coa propia dun proceso de investigación habitual no que a consulta da diversa e variada documentación existente (arquivos de diferente natureza, cartografía antiga, fotografía histórica, fontes bibliográficas, entre outras) supuxeron a base esencial de todo o proceso. Resulta importante salientar que dadas as circunstancias especiais relacionadas coa propiedade deste inmovible, e a pesares dos intentos de poder conseguir unha visita ao interior do edificio sempre denegada por eses mesmos propietarios, os traballos descritos redúcense ao exterior do monumento, coa excepción dalgún apunte propiciado por informacións puntuais recabadas de xeito privado. Neste mesmo contexto de traballo non queremos esquecer o labor exercido por un bo número de funcionarios e técnicos do *Concello de A Coruña*, pertencentes a diversas Concellerías, sen cuxa colaboración este informe, de seguro, sería un pouco menos completo. Engadir nestes agradecementos á *Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”*, ao *Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses* e ao *Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña “Castelo de San Antón”*.

O procedemento desenvolvido, tal e como se comentaba no parágrafo precedente, deu comezo co registro gráfico do edificio, levándose a cabo unha toma 3D de alta definición do seu exterior do que son visibles 3 fachadas: a principal, na Rúa Damas, máis as dúas laterais que se atopan na Rúa Porta de Aires e na Rúa Veeduría. A tecnoloxía empregada para acadar un levantamento tridimensional foi un *escáner láser terrestre*, apoiado con *fotogrametría SfM terrestre* e *topografía clásica*, co obxectivo de construír unha copia dixital en 3D, a escala real e con detalle que permitira unha documentación tridimensional completa das fachadas e cuberta do edificio. Este levantamento e as ortoimaxes resultantes empregáronse como base para os traballos técnicos de monitorización, estudos históricos, lectura de paramentos ou os mapeados da análise do estado de conservación.

Ao mesmo tempo que o labor anterior, fíxose unha análise arquitectónica da estrutura por medio dunha unha inspección técnica da envolvente exterior do inmovible, incluída a cuberta; para elo, e para as tarefas de registro gráfico sinaladas, dispúxose dunha plataforma elevadora. Dentro do proceso de estudo arquitectónico da Casa Cornide tamén foi efectuada unha análise do inmovible mediante a aplicación de diferentes metodoloxías enmarcadas na denominada *Arqueoloxía da Arquitectura*. Neste eido os traballos buscan o coñecemento dos procesos construtivos/destrutivos

acaecidos ata o momento no edificio, a súa materialidade e organización en relación á contorna. Un estudo arqueolóxico (estratigráfico) de paramentos pode determinar a existencia e disposición de posibles estruturas históricas, a antigüidade das fábricas e a presenza de elementos singulares de cara á súa valoración.

Finalmente, unha última etapa de análise do monumento atinxe ao estado de conservación do mesmo, coa toma de datos en campo que tiveron como obxectivo o de poder levar a cabo unha serie de mapas do estado de conservación da pedra, metal e madeira das tres fachadas da Casa Cornide. Ditos datos foron reflectidos sobre a cartografía e o rexistro gráfico levado a cabo no levantamento 3D correspondente.

Sen embargo foi o traballo de gabinete o que supuxo o groso da misión realizada. Todos os datos rexistrados no exterior foron procesados a través dun tratamento informático axeitado para conseguir as imaxes e o soporte gráfico co que desenvolver unha parte importante da investigación. Por outra banda o estudo histórico, desde a propia configuración do solar de emprazamento do edificio, e histórico-artístico do monumento, así como o seu contexto tanto xeográfico, como arqueolóxico ou normativo-urbanístico e de protección patrimonial, foron desenvolvéndose co fin de acadar un documento o máis completo e rigoroso posible.



Se ben este documento foi posible, tamén, grazas á colaboración inestimable dun bo número de persoas, organismos e institucións que propiciaron a consecución de datos e información relevante de cara á acadar o obxectivo para o cal foi pensado, a plasmación concreta e rigorosa, a través deste texto, de toda ese proceso foi elaborada por un equipo de investigadores que pasamos a relacionar.

- Alfredo Vigo Trasancos.

Catedrático de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela.

- Adrián Martín Prieto.

Arquitecto Colexiado 3677 (Aestudio Arquitectura y Urbanismo)

- Elena Sarmiento Díez.

Arquitecta Colexiada 39347 (Aestudio Arquitectura y Urbanismo)

- Marta Becerro Manso.

Conservadora e restauradora de Bens Culturais. (TOMOS, S.L.).

- Sonia García Rodríguez.

Historiadora da Arte e Arqueóloga (especialista en Arquitectura).

- Patricia Mañana Borrazás.

Licenciada en Xeografía e Historia (especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía).

- Javier Guerreiro Prieto.

Enxeñeiro Técnico Topógrafo. Colexiado 6762. (GeoBim)

- Joaquín Ferrer Cruz.

Licenciado en Xeografía e Historia - especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía (TOMOS, S.L.)

- Santiago Vázquez Collazo.

Licenciado en Xeografía e Historia - especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía (TOMOS, S.L.)

Aínda que se trata dun documento único, cada capítulo no que está artellado o mesmo ten unha autoría propia; dentro deste marco quíxose respectar non só os aspectos vencellados ao contido deses diferentes apartados do texto senón aqueles que atinxen á lingua de comunicación empregada en cada un deles (neste caso, galego e castelán).

0. FICHA TÉCNICA E CONTIDOS



Figura 1. Fotografía Manuel Vázquez Vázquez

VAZQUEZ
COLLAZO
SANTIAGO
JOSE -
32772176M

Digitally signed by VAZQUEZ
COLLAZO SANTIAGO JOSE -
32772176M
DN: c=ES,
serialNumber=IDCES-3277217
6M, givenName=SANTIAGO
JOSE, sn=VAZQUEZ COLLAZO,
cn=VAZQUEZ COLLAZO
SANTIAGO JOSE - 32772176M
Date: 2020.10.20 08:42:20
+02'00'

Contexto xeográfico

(Santiago Vázquez Collazo).

Figuras de ordenación urbanística

(Santiago Vázquez Collazo).

Figuras de protección patrimonial

(Santiago Vázquez Collazo).

Historia/Arqueoloxía - Contexto xeral

(Santiago Vázquez Collazo).

Intervencións arqueolóxicas na contorna

(Joaquín Ferrer Cruz).

Análise histórico e histórico artístico do edificio

(Alfredo Vigo Trasancos).

Arqueoloxía da Arquitectura

(Sonia García Rodríguez).

Estado de conservación: a arquitectura – estrutura

(Adrián Martín Prieto – Elena Sarmiento Díez).

Estado de conservación: o elemento histórico-artístico

(Marta Becerro Manso).

Rexistro gráfico e topografía

(Javier Guerreiro Prieto – Patricia Mañana Borrazás).

A Coruña, outubro 2020

1. CONTEXTO XEOGRÁFICO

1.1 CONTEXTO XEOGRÁFICO XERAL

A Casa Cornide atópase ubicada dentro do termo municipal de A Coruña. O concello de A Coruña está situado na parte noroeste da provincia homónima, sendo a cabeza da *Comarca* formada polos municipios de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Acada unha superficie de case 38 km² e ten unha poboación próxima aos 246.000 habitantes ¹, distribuídos en catro parroquias: San Vicenso de Elviña, Santa María de Oza, San Cristovo das Viñas e San Pedro de Visma, ademais do propio núcleo urbano de A Coruña (capital provincial). Este último, polo seu dinamismo e crecemento, deu lugar a unha densa urbanización de practicamente a totalidade do concello; como consecuencia disto último, existe unha case absoluta continuidade de ocupación do territorio entre a capital municipal e os 56 núcleos de poboación restantes.




Figura 1. Localización da cidade de A Coruña (círculo azul) e a súa comarca (círculo vermello). Base cartográfica: Mapa Comarcal de Galicia, do Instituto de Estudos do Territorio-Xunta de Galicia

¹ Datos do INE, ano 2019.

1.2 MORFOLOXÍA URBANA DA CIDADE DE A CORUÑA

Desde o punto de vista da configuración do espazo urbano, e co fin de explicar a conformación morfolóxica da cidade, faise necesario partir da época da súa fundación.

Se ben en datas ben recentes teñen sido rexistrados restos cerámicos de cronoloxía *castrexa* (**Idade do Ferro**) na Cidade Vella coruñesa, que no futuro poden facer cambiar esta idea inicial, semella que non é ata **época romana** cando ten lugar o primeiro poboamento con certa trama urbana no actual núcleo de A Coruña. Esta afirmación baséase nos restos arqueolóxicos rexistrados ata o momento, amáis da Torre de Hércules, na propia Cidade Vella (núcleo habitacional principal dese momento histórico), na Rúa Real (necrópole), Praza de María Pita, no istmo (*villa* romana do Cantón Grande) ou incluso os restos atopados no inicio da parte “continental” da cidade (solar na Rúa Sánchez Bregua).

Sen embargo non será ata a **Idade Media** cando, en **1208**, *El Rey* Alfonso IX conceda ao núcleo antes coñecido por *Crunia* a categoría de vila. Nese momento Coruña está asentada nun pequeno promontorio destacado no SW dunha pequena península, no actual emprazamento da Cidade Vella (por elo, tamén coñecida como A Cidade Alta). Este núcleo vaise consolidar durante os **séculos XIV e XV** como vila adicada ao comercio. Xa no **século XVI** a estrutura urbana da cidade está plenamente conformada, tendo un notable desenvolvemento como porto pesqueiro, comercial e militar. É a partir do mencionado ano 1208 cando se leva a cabo a fortificación da **Cidade Vella**, converténdose no centro aglutinador das funcións militares e administrativas. A muralla medieval tiña a súa traza pola actual Rúa Maestranza, Xardín de San Carlos, Paseo do Parrote, Porta Real, Costa do Rosario, Porta de Aires e Campo da Estrada; extramuros, existían dous conventos: o de San Domingos (emprazado na zona onde hoxe está o Cuartel de Atocha) e o de San Francisco (situado no que agora son os xardíns da Real Maestranza).

Cara o istmo occidental areoso e fóra da muralla medieval que cerca a Cidade Vella xorde o denominado barrio de **A Pescaría** que pronto pasa a se converter no centro da actividade pesqueira e portuaria. No **século XVIII** (momento no que se constrúe a Casa Cornide) prodúcese un “fortalecemento” do proceso urbanizador, tanto civil como militar e portuario, medrando a cidade cara á súa fronte marítima.

Durante o **século XIX** o florecemento industrial e mercantil da cidade deu lugar a un novo incremento da actividade construtiva na mesma. Nestes momentos, dende o punto de vista da traza urbana, xa é posible distinguir dous grandes sectores: a Cidade Vella, aínda illada, en parte, polas murallas e A Pescaría que, asentada no istmo, segue sendo o centro das actividades comerciais e portuarias (acabará por unirse co barrio de Santo Tomás, situado ao norte da Cidade Vella) e que, tras o derrubamento da defensa de terra emprazada na actual Rúa Juana de Vega, irase artellando cos núcleos de Riazor e Santa Lucía. Tamén, en relación co desmantelamento do sistema defensivo da cidade, hai que salientar a *Real Orden* de 1840 que autoriza a derriba da fronte defensiva entre a Porta Real e a Porta de Santa Bárbara.

A fins deste século XIX comeza a organizarse o espazo da cidade con criterios plenamente urbanísticos, planificando o crecemento a través do denominado *Plan de Ensanche*. Mentras tanto, nos terreos situados inmediatamente ao sur da Maestranza, comeza a executarse o proxecto de construción da *Praza de María Pita* (coa actual edificio consistorial, iniciado no ano 1904 e rematado en 1912) co trazado de novas rúas e o aliñamento das xa existentes arredor desa nova praza.

Xa no **século XX**, aínda que son comezados nos anos finais da centuria precedente, acométese na baía coruñesa os grandes recheos para gañar terreo ao mar, adiantando a liña portuaria varios metros con respecto ao primitivo perfil costeiro.

1.3 LOCALIZACIÓN DA CASA CORNIDE

A xeito de pequeno prólogo indicar que o ámbito delimitado na cidade de A Coruña polo denominado **Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e A Pescadería (PEPRI)**, pódese dividir, seguindo a diferenciación marcada polos dous grandes sectores habitacionais que deron orixe á urbe actual, entre a **Cidade Vella** (incluída a Praza de María Pita e rúas adxacentes) e **A Pescaría**. Xa no século XIX é cando hai que encadrar cronoloxicamente a formación da terceira grande área urbana coruñesa: **O Ensanche**. É precisamente no primeiro sector citado onde se sitúa a Casa Cornide



Figura 2. Localización do lugar de emprazamento da Casa Cornide a partires dun plano de SORALUCE BLOND, J.R. (2013): “Estudio de identificación, definición histórica y acotación material de las murallas de la Ciudad Vieja de A Coruña. Criterios de actuación”; Concello de A Coruña

A Casa Cornide ocupa o **inmable nº 25 da rúa Damas** que se atopa emprazado na fronte oriental do rueiro delimitado pola Rúa Amargura ao oeste, a Rúa Porta de Aires polo norte, a Rúa Veeduría ao sur e a propia Rúa Damas polo leste. Xusto en fronte do edificio, ao leste, atópase a Colexiata medieval de Santa María do Campo (declarada B.I.C.-Monumento histórico-artístico segundo o

Decreto de 3 junio de 1931, publicado na *Gaceta de Madrid* – nº 155 do 4 de xuño de 1931, páx. 1182) e, en dirección oeste, a Praza de María Pita; ao nordés, tampouco a moita distancia, estaría a que no seu momento foi unha das portas de acceso ao recinto medieval, a chamada Porta de Aires.



Figura 3. Localización do lugar de emprazamento da Casa Cornide (círculos azuis). Esquerda: plano con base cartográfica da folia 0021A-0407 (malla anterior 21-74; Base Topográfica de Galicia), escala 1:5.000 (actualizada coa ortofotografía do ano 2003), do Instituto de Estudos do Territorio-Xunta de Galicia. Dereita: fotografía aérea do ámbito principal da Cidade Vella.

As coordenadas de situación do perímetro do edificio (sistema de referencia xeodésico: coordenadas ETRS89, coa proxección UTM no fuso 29), xunto coa altitude (cota Ortométrica) son:

Nº	X	Y	Z
1	549156.1640	4802184.7820	24.8100
2	549169.1840	4802181.0240	24.9860
3	549163.3730	4802160.8350	23.1310
4	549149.1350	4802167.6390	23.2150

Atopámonos pois no sector noroeste da Cidade Vella, cuio emprazamento defínese sobre un promontorio natural (de aí que tamén se lle coñeza como *Cidade Alta*) existente ao nordés do istmo areoso onde se asenta o denominado barrio da Pescaría, que une a mencionada Cidade Vella coa parte máis moderna da urbe coruñesa ². Atópase, polo tanto, nunha zona de relevo irregular e relativamente elevada (altitude de entono aos os 23-24 metros sobre o nivel do mar) tendo en conta a topografía da cidade, aínda que desde aquí o terreo comeza a descender dun xeito evidente en dirección sur cara á badía da Dársena coruñesa.




Figura 4. Coordenadas de situación do perímetro da Casa Cornide (sistema de referencia xeodésico: coordenadas ETRS89, coa proxección UTM no fuso 29) e altitude (cota Ortométrica).

² Unha boa parte do terreo que conforma actualmente esta última parte da cidade foi gañada ao mar ao longo dos anos, se ben esta zona de recheo atópase moi alonxada do lugar de emprazamento da Casa Cornide.

2. FIGURAS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA.

O ámbito urbano no que se empraza a Casa Cornide atópase ordenado polo denominado **Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)**, documento aprobado definitivamente con data de 25 de febreiro de 2013 e posteriormente publicado no *D.O.G.* nº 48 do venres 8 de marzo de 2013 e no *B.O.P.* Nº 129 do martes 9 de xullo de 2013.

A segunda figura de ordenación que afecta ao inmovible é o **Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e A Pescadería (PEPRI)**, documento aprobado definitivamente polo pleno municipal en sesión do día 26 xaneiro de 2015, e publicado no *B.O.P.* nº 20 do venres 30 de xaneiro de 2015 e no *D.O.G.* nº 25 do venres 6 de febreiro de 2015. O edificio aparece reflectido na *folia nº 5 do plano nº 1* do mencionado PEPRI (escala 1:2000 - *Ámbito Ordenado*) e está afectado pola *Ordenanza Reguladora da Cidade Vella (C.V.)* segundo se inclúe nos planos de ordenación do mesmo PEPRI, onde se delimita o ámbito do *Conxunto Histórico Declarado*, en concreto na *folia nº 5 do plano nº 4* (escala 1:2.000 - *Ámbito B.I.C.*).

En relación coa última figura de protección hai que salientar que con data de 9 de marzo, mediante o *Decreto 29/1984 (Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia)*, foi declarado como **Conxunto Histórico-Artístico** a *Cidade Vella de A Coruña* (publicado no *D.O.G.* nº 57 do xoves 22 de marzo de 1984).

Por outra banda, o inmovible emprázase no denominado *cuarteirón 93246* dentro da *unidade parcelaria 03* e, tal e como foi indicado en liñas precedentes, linda ao norte coa Rúa Porta de Aires, ao leste coa Rúa Damas (a onde está orientada a fachada principal do edificio), ao sur coa Rúa Veeduría e ao oeste coas unidades parcelarias 02 e 04 do mesmo cuarteirón 93246 onde está ubicado. A construción consta na *folia nº 10 do plano nº 5* (escala 1/1000 - *Catalogación*) do *Catálogo do PEPRI* como **edificio monumental**³. En relación con esta catalogación, no *Tomo I* do antedito Catálogo do PEPRI, no seu *punto 2.2. (Clasificación do Patrimonio Arquitectónico Catalogado)* dise:

“Atendendo á gradación dos seus valores obxectivos e singulares prodúcese a clasificación do patrimonio arquitectónico catalogado que abrangue a un total de 1094 edificios. A aplicación concreta e individualizada establécese en planos de ordenación e no presente catálogo do patrimonio arquitectónico suxeito a protección, de acordo e cos efectos establecidos na Lei do Solo de Galicia, Regulamento de Planeamento e Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Nivel 1. Edificios monumentais.

Aplicase este nivel de protección integral ás edificacións monumentais que presentan unha excepcional calidade arquitectónica e valor histórico, teñan ou non a consideración de Ben de Interese Cultural, na categoría de monumento, conforme ao establecido na L.P.C.G.”.




Figura 5.

Figura 6. A Casa Cornide no PEPRI. Alzados da edificación – Plano 6.06.

³ No anterior PEPRI do ano 1998 o edificio xa estaba catalogado con **Protección Integral**.

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E PISCADERÍA CIDADE VELLA E PISCADERÍA DA CORUÑA
CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

UNIDADE PARCELARIA 932403 ENDE REZO OFICIAL RUA / DAMAS / 25
 NOME CASA DE CORNIDE


DOCUMENTACIÓN FOTOGRAFICA



PLANTA



ALZADO



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de...
 Certifico: el Secretario,

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DA CIDADE VELLA E PISCADERÍA CIDADE VELLA E PISCADERÍA DA CORUÑA
CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

UNIDADE PARCELARIA 932403 ENDE REZO OFICIAL RUA / DAMAS / 25
 NOME CASA DE CORNIDE

DATOS INFORMATIVOS DO BEN

DATOS XERAIS
 ANTERIOR A 1960 SI RENOVADO NOVO NON

CATALOGACIÓN PEPR 1996
 PROTECCIÓN INTEGRAL PROTECCIÓN PARCIAL PROTECCIÓN LOCALIZADA

ESTADO DA EDIFICACIÓN
 TIPOLOGÍA DE PARCELA
 ENTRE MEDIANEIRAS CUARTEIRON CON PATIO
 REMATE DE CUARTEIRON CUARTEIRON LINEAL
 CON SOPORTAL CUARTEIRON COMPACTO
 PARCELA DE RECENTE FORMACIÓN

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS

PARAMETROS	OBRA EN EXECUCIÓN	NÚMERO DE PLANTAS SIH	FACHADAS
Superficie de parcela	Nova Planta	Planta Ático	Número de fachadas a espazo público
Superficie de ocupación	Ampliación sobre existente	Aproveitamento balcooberta	Lonxitude de fachadas
Superficie construída SIH	Reedificación	Edificio con solo	
	Rehabilitación		
	Nº de novos locais		
	Nº de novas vivendas		

USOS, PROPIEDAD E TENZA

PROPIEDAD DO EDIFICIO
 UNICA PERSOÑA FISICA SOCIEDADE

USO VIVENDA
 Nº total de vivendas Nº de viv. desocupadas Nº de viv. alugadas antes do 85 Nº de viv. en planta baixa Nº de viv. en planta tipo Nº de viv. alugadas Nº de viv. en propiedade Vivenda unifamiliar

USO NON RESIDENCIAL
 Nº locais en planta baixa Nº locais en sotelo ou soterrado Nº locais en plantas altas Edificio non residencial Nº locais en aluguer Nº locais en aluguer antes do 85 Nº locais baixos en planta baixa Nº locais baixos en sotelo ou soterrado Nº locais baixos en plantas altas Edificio non residencial totalmente desocupado

CARACTERÍSTICAS TIPOLOXICAS

DETERMINACIÓN DE CATALOGO

ÁMBITO B.I.C.
 Declaración BIC Conxunto Histórico
 Área de respecto BIC Conxunto Histórico
 BIC Individualizado

ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA
 ZONA A INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA

CATALOGACIÓN UNITARIA
 1 Edificio Monumental
 2 Singular valor arqueolóxico integral
 3 Características singulares estrutural
 4 Significación arqueolóxica ambiental
 5 Interese ambiental no conxunto

CUALIFICACIÓN ZONAL
 1 Cidade Vella
 2 A lochas - O Dambo
 3 Pescadería Norte
 4 Pescadería Sur
 5 Ensanche
 6 Área Urbana Renovada
 UNIDADE URBANA

DETERMINACIÓN
 USOS RESIDENCIAL, DOTACIONAL

INTERVENCIÓN

INSTRUMENTOS
 PLAN DIRECTOR DE RESTAURACIÓN PROXECTO DE RESTAURACIÓN

MODALIDADES
 RESTAURACIÓN CONSOLIDACIÓN CONSERVACIÓN ACONDICIONAMENTO

OBSERVACIÓN
 Autor: Francisco Livori, (Século XVIII)
 En construción en 1766, chamábase por parecerse a este ilustrado cornián. É o edificio residencial máis singular construído dentro das murallas da Cidade Vella no século XVIII, de formas e adornos únicos na arquitectura barroca galega e con vínculos coa estética rococó. Cunha situación magnífica fronte á Colaxada con toda a súa fachada de cantaría. Consta de tres plantas separadas por moi finas impostas onde se dispoñen simétricos os eixos que se sitúan á rua. Fai das formas curvas os seus elementos máis identitarios: nos vans, no pequeno limpo rolo do escudo nobiliar e nas formas das esquiñas. Ten tamén elementos máis ornamentais: as magníficas rebecas do terzo dos balcóns, e as mesetas voadas nalgún caso de formas anfiboras. Posúe un espazo vestibulo e unha interesante escalera interior. Na década do 1960 foi ampliado cara atrás engadíndose entón pola rúa Voadoría materiais e elementos pétreos procedentes do antigo Hospital de Caridade.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de...
 Certifico: el Secretario,

Figura 7. Ficha de catálogo da Casa Cornide (PEPRI – TOMO V)

3. FIGURAS DE PROTECCIÓN PATRIMONIAL

3.1 A LEY DE PATRIMONIO DE GALICIA

A **Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia** indica no punto 2 do seu artigo 8 (Clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia):

“Terán a consideración de bens de interese cultural aqueles bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma, sexan declarados como tales por ministerio da lei ou mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente de patrimonio cultural, de acordo co procedemento establecido nesta lei.

...Os bens de interese cultural poden ser inmobles, mobles ou inmateriais”.

Por outra banda, na mesma lei, no *punto 1 do artigo 88 (Contido do patrimonio arquitectónico)*, sinalase:

“1. Para os efectos do establecido no artigo anterior [art. 87], presúmese que concorre un significativo valor arquitectónico, para súa inclusión neste capítulo, nos seguintes bens:

...

d) “Os edificios destinados ao uso privado ou os conxuntos dos ditos edificios, de carácter rural ou urbano, construídos con anterioridade a 1803, que constitúan testemuño relevante da arquitectura tradicional rural ou urbana ou que configuren o carácter arquitectónico, a fisionomía e o ambiente dos centros históricos das cidades, vilas e aldeas e dos núcleos tradicionais”.

Deste xeito a Casa Cornide cumpriría co establecido nos dous artigos indicados la lei autonómica de cara á procurar unha especial protección da mesma (á marxe do xa disposto no ámbito local a través do mencionado *PEPRI*), como un elemento particularmente significativo do patrimonio cultural de Galicia.

3.2 PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA DO SUBSOLO

Desde o punto de vista estrito da protección do patrimonio arqueolóxico, o ámbito territorial no que se empraza a Casa Cornide está situado dentro da chamada **“Zona Arqueolóxica A”**, segundo establece o *artigo 50 (Delimitación das áreas de protección do patrimonio arqueolóxico) da Normativa do PEPRI* do Concello de A Coruña e reflicte o *plano 7.5 de zonificación arqueolóxica* da mesma normativa.

O mencionado *artigo 50 do PEPRI* indica:

“Tendo en conta as particularidades do espazo abranguido polo Plan Especial e o devir no tempo da ocupación humana a el asociada, reflectida na documentación histórica e transparentada na observación sobre o terreo, así como as expectativas que cabe agardar en relación coa distribución e potencialidade do rexistro arqueolóxico, considérase conveniente a súa división en tres áreas singulares:

- Zona A.

Adscrita a aquelas zonas nas que existe constancia de documentación singular de carácter histórico e/ou arqueolóxico ou nas que a potencialidade (se tivesen constatado evidencias subsuperficiais desta natureza ou non) se considera en todo caso especialmente relevante para a comprensión da evolución histórica do espazo urbano”.

Por outra banda, no *artigo 51 do PEPRI* apúntase que a **“Zona A”** está sometida a protección de **grao I**, que establece a escavación de sondaxes valorativas previas á execución de calquera obra neste ámbito como medio para avaliar dun xeito preciso a potencialidade arqueolóxica da zona afectada



Figura 8. Plano 7.5 de zonificación arqueolóxica do PEPRI (selección de zona afectada). O círculo de cor vermella sinala a Casa Cornide.

4. CONTEXTO HISTÓRICO E ARQUEOLÓXICO

4.1 HISTORIA-ARQUEOLOXÍA (CONTEXTO XERAL).⁴

A información que a continuación se presenta, aínda que desenvolve un pouco máis o exposto no anterior apartado de *Morfoloxía urbana da Cidade de A Coruña*, simplemente intenta contextualizar, a través duns breves apuntes e dun xeito moi xenérico, o ámbito de emprazamento da Casa Cornide desde o punto de vista histórico e arqueolóxico en relación á propia cidade de A Coruña; máis adiante, en posteriores capítulos, farase un achegamento histórico máis concreto da propia edificación.

Aínda que comezan a rexistrarse indicios arqueolóxicos dunha posible ocupación da **Idade do Ferro** na zona da Cidade Vella coruñesa, semella que sería na **época romana** cando ten lugar o primeiro poboamento, con certa trama urbana, no actual núcleo de A Coruña, tal e como indican os vestixios arqueolóxicos rexistrados ata o momento: amáis da Torre de Hércules (segunda metade do s. I d.C.), na propia Cidade Vella, na Rúa Real (necrópole), Praza de María Pita, no istmo (*villa* romana do Cantón Grande) ou incluso os restos atopados no inicio da parte “continental” da cidade (solar na Rúa Sánchez Bregua). As fontes arqueolóxicas propiciadas polas numerosas intervencións levadas a cabo nos últimos anos revélannos esta presenza romana desde, alomenos, o século I a.C. Algúns dos resultados acadados nestas intervencións semellan demostrar que o “núcleo habitacional” principal de época romana atopábase no ámbito espacial marcado, *grosso modo*, pola Cidade Vella, estendéndose cara á Praza de María Pita, Rúa Rego de Auga e Rúa Real (onde estaría a zona de necrópole). En relación con isto, se ben algunhas investigacións arqueolóxicas recentes apuntan á posibilidade da existencia dunha muralla deste momento histórico no ámbito da Cidade Vella, aínda haberá que seguir acadando novos resultados e evidencias que confirmen esta hipótese.

Por outra banda, resulta evidente que a antiga cidade romana de *Brigantium* estaba moi relacionada co mar e o transporte marítimo. O propio emprazamento costeiro do lugar non é a única proba disto e así, a parte do faro da Torre de Hércules, os restos de recipientes de almacenaxe para transporte (ánforas) atopados no fondo das augas da baía coruñesa e nas diversas intervencións arqueolóxicas realizadas na cidade, así como a recuperación nesas mesmas escavacións de moitas pezas de importación, veñen a demostrar a existencia de contactos comerciais con outras zonas do Imperio (e nas que, efectivamente, o mar sería unha desas vías de relación).

Idade Media. A partir do século V (texto de Paulo Orosio) e ata o século IX (gobierno do rei asturiano Alfonso III), non hai ningunha información escrita sobre A Coruña. Ademais, no documento en que se cita por primeira vez a cidade desde época romana, na *Crónica* de Alfonso III (ou *Ad Sebastianum*), nin siquera se lle denomina así, senón que se alude a ela co termo de *locus* (que ven a ser unha pequena poboación ou vila máis ou menos grande). O que si parece claro é que durante a Alta Idade Media os vikingos-normandos levan a cabo diversas incursións

polas costas galegas e, incluso, na xa mencionada *Crónica* de Alfonso III, nárrese algún encontro bélico entre eses pobos nórdicos e os reis asturianos no lugar chamado *Faro Bregancio*. Este período de inestabilidade e medo entre a poboación, que se verá prolongado ata o século XI con ataques normandos e musulmáns, provocaría que unha gran parte dos habitantes “coruñeses” se concentraran noutro lugar máis protexido ao fondo da ría: O Burgo (ou *Burgo de Faro*), que foi fundado por Alfonso VII uns 60 anos antes que a propia Coruña. Sen embargo o núcleo da actual Coruña seguiu estando habitado, tal e como o atestiguan algúns restos arqueolóxicos e documentos medievais posteriores.

Será no ano 1208 cando *El Rey* Alfonso IX conceda ao núcleo antes coñecido por *Crunia* a categoría de vila a través dunha *Carta Puebla*. Nese momento A Coruña está asentada nun pequeno promontorio destacado no SW dunha península, a actual Cidade Vella (ou *Cidade Alta*, por mor dese emprazamento topográfico). Este núcleo vaise consolidando durante os séculos XIV e XV como vila adicada ao comercio. Xa no século XVI a estrutura urbana da cidade está plenamente conformada, tendo un notable desenvolvemento como porto pesqueiro, comercial e militar. O mencionado ano 1208 marca o inicio do proceso de fortificación da Cidade Vella, sen que se poida desbotar a posible existencia dunha “cerca” máis antiga, converténdose esta zona no centro aglutinador das funcións militares e administrativas. A muralla, a finais da Idade Media (ss. XIV-XV), cerraba a súa traza, desde A Porta Real, polo Paseo do Parrote, actual Xardín de San Carlos (antiga fortaleza), Rúa Maestranza, Campo da Estrada e Costa do Rosario. Extramuros, fóra deste recinto amurallado, existían dous conventos: o de Santo Domingo (emprazado na zona onde hoxe está o Cuartel de Atocha) e o de San Francisco (situado no que agora son os Xardíns da Real Maestranza). Este perímetro da defensa medieval foise ampliando nos séculos posteriores (sobre todo a partir de finais do século XVI) ao converterse a cidade en *Plaza Fuerte del Reino de Galicia* durante o s. XVII, acadando a súa máxima extensión ao longo do século XVIII (ata a actual Praza de María Pita ao oeste e os propios límites costeiros cara o norte, sur e leste).

Fóra da muralla que cerca a Cidade Vella, cara ao istmo, xorde o denominado barrio de *A Pescaría* (ou *Cidade Baixa*) que pronto pasa a se converter no centro da actividade comercial, pesqueira e portuaria. En época medieval a configuración urbanística deste barrio aparece condicionada pola súa posición xeográfica no istmo e pola súa dependencia da parte alta de cidade (Cidade Vella): aparece así como unha zona de extrarradio, de comercio e pesca e de acceso ao núcleo principal da urbe. A partir dos momentos finais do século XV comézase a construír o sistema de fortificación que protexía a Pescaría dos posibles ataques por terra (a denominada *Defensa de Terra*), se ben durante os séculos posteriores estas defensas, xunto coas da Cidade Vella, irán cambiando a súa configuración a través de novos proxectos construtivos, remodelacións, etc.

Idade Moderna. Na Baixa Idade Media comeza a conformarse unha diferenza (social, económica, poboacional, etc.) entre a Cidade Alta, amurallada, e o barrio de A Pescaría, extramuros, pero é a partir do século XVI cando este feito consolídase dun xeito definitivo.

⁴ A base da información que a continuación se relata está sacada de VV.AA. (1995): *Historia de La Coruña*. Ed. Vía Láctea; Oleiros-A Coruña. Neste apartado do texto non se pretende facer unha análise detallada dos acontecementos e feitos históricos da cidade, senón simplemente contextualizar dun xeito somero a proposta.




Figura 9. Juan Santáns y Tapia. Plano de A Coruña. 1639

Durante esta época a defensa da cidade estaba formada por dous sistemas que a todas luces resultaban obsoletos e mal estruturados. Por unha banda o da Cidade Vella, a través dunha muralla de época medieval, na que están abertas catro portas de acceso (Porta da Cidade-Porta Real, Porta do Parrote, Porta de Aires e Porta de San Francisco) e un postigo (na Ferreiría), xunto cunha fortaleza situada nun dos ángulos da muralla principal (aproximadamente onde hoxe se empraza o xardín de San Carlos), se ben esta última estrutura estaba en penosas condicións de conservación. Por outra banda A Pescaría, que só tiña un liña de muralla que unía a Praia do Orzán coa zona do Porto, quedando sen protección esas dúas baías. A debilidade desta última estrutura defensiva veuse demostrada en 1589, cando F. Drake e J. Norreys tomaron e arrasaron a cidade, destruindo case por completo o barrio da Pescaría e a parroquia de Santo Tomás ademais doutras zonas. Aínda que un ano antes, en 1588, deran comezo as obras de construción do Castelo de San Antón, a Coroa española deuse de conta que era necesario modernizar todo o sistema defensivo da praza coruñesa, en especial os barrios situados fóra da Cidade Vella. Mentres se deseñaban eses novos proxectos defensivos, si fóronse levando a cabo algunhas obras de “reforzo” durante os anos finais do século XVI e o século XVII, entre as que hai que salientar a muralla levantada sobre o cantil costeiro que delimita a Cidade Vella polas zonas norte, leste e

sur (nesta fase constrúese, en 1595, fronte ao Castelo de San Antón e a xeito de embarcadiroiro, a Porta de San Miguel).

A pesares diso, ata a chegada da dinastía de *Los Borbones* no *século XVIII* (momento no que se constrúe a Casa Cornide), non se levaron a cabo reformas reais na cidade, tanto a nivel urbanístico como defensivo. Neste último aspecto os novos reis atopáronse cunha cidade defendida dun xeito moi ineficaz e “antigo”, a través dun sistema de baterías, pequenos castelos e murallas que, coas novas técnicas e tácticas de guerra non servían para o que en teoría foran construídas. De tódolos xeitos, coa intención non foi suficiente e as dificultades económicas das arcas reais non permitiron desenvolver dun xeito integral algún dos numerosos proxectos deseñados polos enxeñeiros militares da época (en 1703 B. Renau, en 1726 F. Montaigú, en 1736 J. de la Ferriere, en 1755 Miguel Marín, en 1762 F. Llobet, en 1774 P. Martín Cermeño) e tan só a zona do porto mellorou realmente a súa defensa coa remodelación dos castelos e baterías que protexían a entrada ao mesmo: San Antón, San Diego, Santa Cruz, baterías de Orzán, Mera, Oza, etc.




Figura 10. Pedro Martín Cermeño y García de Paredes: Plano da Cidade Alta de A Coruña e as súas fortificacións - 1785.

Na Cidade Vella será o extenso campo situado ao norte da cerca medieval, coñecido como Campo da Estrada, o que vai ser incorporado dentro da nova área fortificada como lugar de instalación de novas estruturas defensivas máis complexas e outras dependencias militares como a Real Maestranza de Artillería que, de inicio, contaba cunha edificación de forma alongada bastante

sinxela (proxecto de F. Llobet, de 1751) e que posteriormente foi ampliada (proxecto de 1771, obra de B. Ricaud) ata acadar a estrutura que aínda hoxe se conserva (se ben modificada en 1994 ao converterse o edificio en sede do Reitorado da UDC). Deste xeito, nesta zona “militarizada”, o denominado Cubo Minado refórzase mediante a construción do Baluarte de Toledo e a súa gran contragarda, mentres na contorna da Porta de Santa Bárbara levántase outro baluarte co mesmo nome. Posteriormente é cando o Campo da Estrada pasa a incorporarse ao sistema defensivo mediante a construción dun Revellín e de dous baluartes (Pelamios ou Santa Cruz de Roma e Novo Baluarte de Santa Bárbara) completándose así o sistema defensivo desta parte norte da franxa costeira.

Durante o **século XIX** o florecemento industrial e mercantil da cidade deu lugar a un novo incremento da actividade construtiva na mesma. Nestes momentos, desde o punto de vista da traza urbana, xa é posible distinguir os dous grandes sectores coñecidos: a Cidade Vella, aínda illada en parte polas murallas que a delimitan (se ben o ano 1840 marca o “inicio do fin” dalgúns treitos deste amurallamento ⁵) e A Pescaría que, asentada no istmo, segue sendo o centro das actividades comerciais e portuarias (incluso acabará por unirse co barrio de Santo Tomás, situado ao norte da Cidade Vella) e que, tras o derrubo da denominada Defensa de Terra ⁶, emprazada na actual Rúa Juana de Vega, Praza de Ourense e Praza de Pontevedra, irase artellando cos núcleos de Riazor e Santa Lucía.

O sector da Maestranza segue, na súa maior parte, como un ámbito dependente do Exército e, entre outros fitos históricos, hai que salientar que no ano 1867 os talleres de armamento quedan en suspenso pasando a ser parque de Artillería e o Convento de San Francisco é abandonado en 1835 por mor do proceso desamortizador. Con respecto ás estruturas defensivas desta zona, como no resto da cidade, o seu estado de conservación é moi deficiente (incluso con presenza de estruturas inacabadas).

A fins deste século XIX, fóra dos límites da parte máis “antiga” da cidade, comeza a organizarse un novo espazo urbano con criterios plenamente urbanísticos, planificando o seu crecemento a través do denominado *Primeiro Plan de Ensanche* (a partires dun proxecto do arquitecto municipal Juan de Ciórraga aprobado en 1885). Mentres tanto, en terreos situados inmediatamente ao oeste da propia Casa Cornide, comeza a executarse o proxecto de construción da Praza de María Pita (coa actual edificio consistorial, comezado no ano 1904 e rematado en 1912) levándose a cabo o trazado de novas rúas e o aliñamento das xa existentes arredor desa nova praza.




Figura 11. Plano de 1847 copia dun plano de 1812 obra de José Velarde.

Xa no **século XX**, aínda que son iniciados nos anos finais da centuria precedente co denominado *Proyecto de Malecón para el Puerto de La Coruña* do enxeñeiro D. Celedonio de Uribe (*Real Orden*

⁵ Neste ano, logo dun oficio emitido pola *Junta Provisional Gubernativa* resultante do pronunciamento progresista, o Consistorio coruñés acorda o 2 de outubro o derrubo da fronte amurallada existente entre a Cidade Vella e A Pescaría que comezará oficialmente ao día seguinte na zona entre Porta Real e Porta de Aires, se ben non será un proceso continuado e sufrirá diversos paróns por mor de diferentes causas (o primeiro deles a finais deste mesmo ano de 1840).

⁶ A partires da *Real Orden* do 20 de novembro de 1868 pola que se ceden as fortificacións da Defensa de Terra á Facenda Civil.

de 7 de agosto 1860), acométense na baía coruñesa os grandes recheos para gañar terreo ao mar, adiantando a liña portuaria varios metros con respecto ao primitivo perfil costeiro. Da primeira década deste século será o denominado *Segundo Ensanche*, proxecto municipal que incluía a reorganización urbanística da zona de Riazor, San Roque ou a Gaiteira pero que non foi desenvolvido completamente tal e como estaba previsto.




Figura 12. Plano de A Coruña 1920

Con respecto á Cidade Vella, neste século producíranse grandes cambios como consecuencia, entre outras circunstancias, da Guerra Civil. De feito unha gran parte dos terreos da zona da Maestranza e do Campo da Estrada quedarán fisicamente isolados pola construción dun gran muro que servirá de separación entre o “mundo castrense” e o “civil”. Deste xeito, ao longo dos anos, serán construídas diversas edificacións para diferentes funcións: vivendas militares, instalacións para a Comandancia de Obras do exército, un Club Cívico Militar, complexos de naves, laboratorios e almacéns (sobre todo no sector próximo ao antigo Convento de San Francisco e onde hoxe se emprazan os Xardíns da Maestranza). Finalmente, as dúas últimas décadas deste s. XX marcan un novo cambio estrutural e urbanístico para o ámbito: no ano 1984, coa sinatura dun Convenio entre o Ministerio de Defensa e o Concello de A Coruña, prodúcese a cesión dunha parte dos terreos e inmobles da Maestranza (como o Cuartel de Macanaz, hoxe sede da Fundación Luís Seoane); en 1995 o Hospital Militar deixa de ter esa función para pasar ao Servizo Galego de Saúde que o reabre en 1998 co nome de Hospital Abente y Lago; tamén nos anos 90 o edificio da Real Maestranza de Artillería pasa a ser a sede do Paraninfo e Reitorado da UDC, así como os terreos anexos reconvertidos en xardíns. Desta mesma última década do s. XX é a construción do Paseo Marítimo, cunha plataforma gañada ao mar que cambiará o encontro da trama urbana coa ribeira do mar.

4.2 INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS NA CONTORNA

Seguidamente pasamos revista ás intervencións arqueolóxicas realizadas nas rúas contiguas ao lugar de emprazamento da Casa Cornide, de cara á unha contextualización arqueolóxica deses terreos. Trátase de datos procedentes dos arquivos municipais (Departamento de Infraestruturas) de cara á elaboración do PEPRI en vigor así como de intervencións posteriores á aprobación do mesmo. Na busca da máis sinxela exposición da información, relataremos de xeito individualizado os resultados (cando os haxa) de cada un dos traballos arqueolóxicos efectuados, que serán identificados polo título da propia intervención e por un número coincidente co localizador reflectido na cartografía anexa.

181- Control arqueolóxico na Rúa Amargura nº 17 (Apertura de gabia para acometida de augas). Os traballos arqueolóxicos foron realizados de xeito parello á construción dunha canalización de abastecemento de auga desde a rede xeral ao inmoble. Non foron localizadas estruturas, materiais ou niveis de interese arqueolóxico.

182- Sondaxes arqueolóxicas valorativas no nº 14 da Rúa Amargura (A Coruña). Os traballos arqueolóxicos relacionados coa rehabilitación da edificación existente consistiron na escavación manual dunha sondaxe valorativa coincidente con foso do ascensor. No transcurso dos traballos foi localizado un enlousado de granito, interpretado como o pavimento orixinal do edificio obxecto de rehabilitación (datado en 1865). Non foron localizadas estruturas de interese arqueolóxico. En relación con estratos de nivelación da parcela foron localizados fragmentos de tegula.

183- Sondaxes valorativas previas á reconstrución dun edificio na Rúa Amargura nº 7. Durante os traballos relacionados coa reconstrución do inmoble existente foron documentadas as seguintes estruturas:

- alicerces dunha edificación anterior, modificada no ano 1920 pola actual;
- taxa de saneamento histórico da edificación;
- cimentación do muro de carga da edificación do século XIX (modificada en 1920);
- restos dun pequeno alxibe ou pozo de fecais anterior ao inmoble do século XIX;
- materiais de época romana mesturados con outros de época medieval e moderna,

nun contexto de recheos relacionados coa nivelación do solar en relación coa construción do século XIX.

193- Sondaxes arqueolóxicas na Rúa Damas nº 3 e escavación arqueolóxica en área no nº 3 da Rúa Damas de A Coruña. As sondaxes arqueolóxicas foron realizadas en relación ás obras de rehabilitación dun edificio xa existente. Foron localizados:

- dous muros de época romana con materiais do mesmo momento;
- taxa de saneamento histórica do inmoble obxecto da edificación ou doutro anterior.

194- Sondaxes arqueolóxicas valorativas en relación a ampliación de vivendas na Rúa Damas nº 6. As sondaxes foron planeadas en relación á reconstrución integral do edificio. Foron localizados materiais de filiación romana: tegula, terra sigillata, ladrillo, cerámica común, ánfora, cerámica indíxena.

195- Sondaxes arqueolóxicas valorativas na Rúa Damas 8 (A Coruña) e Intervención arqueolóxica (escavación en área) na Rúa Damas 8 de A Coruña. Os traballos arqueolóxicos foron realizados con carácter previo á rehabilitación dun inmoble existente. Foron localizados:

- muro dunha edificación anterior á actual, pero de cronoloxía indefinida (probablemente moderna-contemporánea);
- pozo de funcionalidade e cronoloxía indeterminados;
- dous muros romanos de diferente momento, un deles articulado en forma de esquina e un pavimento de terra batida con numerosos furados de poste, asociado a un dos muros citados;
Una primera ojeada sobre el edificio puede dar lugar a una imagen uniforme, compacta y coetánea, pero la Casa Cornide engloba en sus alzados momentos diferentes y necesidades diferentes que se reflejan en los detalles. Hay que destacar el hecho de que, a pesar de los cambios que han tenido lugar en las fachadas norte y sur, se plasma la intención de mantener una estética muy marcada y uniforme, con elementos decorativos y funcionales (tornalluvias, cornisa, recercos en vanos) que requieren una dedicación de medios técnicos y económicos que van más allá de lo habitual en el común de los edificios urbanos. Ese cuidado se tuvo en la ampliación de la Calle Veeduría (fachada sur) donde se utilizan sillares graníticos con la misma estereotomía, acabado, hiladas que continúan las líneas marcadas por la fachada preexistente. Es decir, el trabajo de cantería se realiza en todo el edificio con los mismos objetivos estéticos y técnicos. Sólo en la fachada norte se enlucen los paños entre vanos, quizá por estar realizados en otro material

(posiblemente mampostería de granito) pero la tipología de vanos de arco escarzano mantiene la imagen general de la Casa.

FACHADA SUR

Como se ha indicado repetidas veces a lo largo del documento, la fachada actual responde a dos grandes momentos constructivos: el inicial de la Casa Cornide entre 1763 y 1765 y la construcción del bloque occidental en 1963.

La composición del bloque más antiguo se organiza en el eje vertical de 4 vanos, todos ellos con arco escarzano. De abajo hacia arriba son una puerta semitapiada que ha dado lugar a un ventanuco, encima una ventana, sobre ella un balcón volado de estereotomía muy interesante, y el cuarto hueco es un balcón de asomo. Junto al segundo y cuarto vanos aparecen unos pequeños ventanucos también rematados con arco escarzano. El ventanuco del piso superior también fue abierto en las obras de 1963. La división entre plantas viene marcada desde la fachada principal con dos listeles que definen las líneas de imposta.

El bloque más moderno se caracteriza por estar enmarcado entre dos pilastras que arrancan en un basamento moldurado y llegan hasta la línea de cornisa. La moldura del basamento sigue la traza estética del basamento general del edificio, pero no es exactamente la misma sección ni altura. Entre las pilastras se sitúan los cuatro niveles de vanos, el inferior es el portalón del garaje que remata en un dintel dovelado radial, con molduración perimetral. Las ventanas de los vanos superiores tienen todas arco escarzano y recerco ligeramente sobresaliente imitando las más antiguas del edificio. En primero y segundo piso, sobre las ventanas, hay tornalluvias moldurados.


Los vanos inferiores de esta fachada sur responden al aprovechamiento del desnivel sobre el que se asienta el edificio, dando lugar en este frente a una doble altura en planta baja, como si hubiera un semisótano al que se accedía desde aquí (Fig.8 se aprecia la puerta de acceso al semisótano en la fachada sur). La diferencia de altura entre vanos que queda condicionada también por el portalón de acceso al garaje. No se mantiene la línea de imposta inferior que recorre el resto de las fachadas, pero sí la superior, donde las plantas parecen estar a la misma cota.

Las hiladas de sillería del bloque más moderno mantienen el mismo grosor, mientras que el bloque más antiguo tiene ligeras variaciones, pero entre ambas hay uniformidad y en muchos puntos continuidad, característica que fue claramente buscada en la construcción del bloque oriental. El granito es todo muy similar, solo algunas piezas en dinteles presentan una coloración más clara, siendo posiblemente piezas repuestas en diferentes momentos (el dintel del balcón volado y el de la última planta ya aparecen repuestos en las fotos de 1962)

En esta fachada hay pequeñas marcas que pueden responder a anclajes metálicos para cableados, bajantes y, puntualmente, rejería.



Figura 8. Fachadas sur y este, Calles Veeduría y Damas en 1962, antes de la ampliación. Foto Blanco





LEYENDA:

- Elementos constructivos de diferente cronología al paramento analizado
- > Unión de dos fábricas
- || Interfaz constructiva
- Corte y relleno con albañilería o piedra
- Repicado
- Mechinales y rozas
- ~ Grieta
- Grapa
- Roturas
- Piezas reutilizadas
- Canecillos cortados
- Restos de pintura
- Revestimiento con mortero



FACHADA NORTE

La fachada norte es la que presenta una solución de alzados diferente a las demás, con la presencia de entrepaños enfoscados. No ha podido comprobarse qué material aparece bajo los morteros, si es mampostería o sillería. En este sentido, es difícil definir hasta dónde y qué ha sido mantenido y reformado al no ser visibles los encuentros entre los vanos y paños murarios.

La fachada se configura en cuatro ejes de vanos de los que solo los dos orientales tienen ventanas en las cuatro alturas, todas ellas con arcos escarzanos. El eje más oriental presenta sólo ventana en planta primera y el siguiente eje tiene un ventanuco en primera y en la segunda no tiene vanos. En esa primera planta, antes de 1963, los vanos eran todos balcones enrasados, con tornalluvias, tal y como estaban los de la fachada principal, con las hojas de cierre de apertura hacia el exterior. Los antepechos en este alzado se han petrificado dando lugar a ventanas de asomo.

Las plantas quedan remarcadas por los listeles que recorren todo el alzado horizontalmente desde la fachada principal.

En esta fachada se colocó la placa conmemorativa que estuvo en la fachada principal hasta 196.

Es llamativa la presencia de huecos de ventilación en diferentes puntos, lo que podría estar indicando la necesidad de generar corrientes de aire tanto por los usos de los espacios, como por condensación.

En el perímetro de los vanos de sótano y puntualmente en las ventanas superiores, aparecen rebajes de los anclajes de las carpinterías y rejas desaparecidas.

FACHADA ESTE, Principal

La fachada principal está definida por la organización equilibrada de todos los vanos, marcados por los listeles de imposta desde los que arrancan los recercos de cada uno de los balcones. En la planta baja el basamento marca diferentes alturas a ambos lados de la portada principal debido al desnivel que define la calle y sobre el que se asienta el edificio. Verticalmente hay cinco ejes de vanos, el inferior es un ventanuco sobre cuyo dintel dovelado se asienta la ventana en un juego de estereotomía interesante en el que las dovelas inferiores quedan encajadas en el sillar que conforma el alfeizar de la ventana (fig.10). En primera y segunda planta hay balcones enrasados, con tornalluvias en primera. Remata la fachada el escudo ya referido previamente. La puerta principal se presenta enmarcada por moldura de orejeras, muy alteradas por el desgaste y alteraciones del granito.

A nivel estratigráfico o de reformas generales, esta fachada apenas presenta la reposición de algunos dinteles y piezas de alfeizar en planta baja. Además, hay marcas de los anclajes de rejerías y carpinterías desaparecidas. La Casa conserva en este frente la esencia total del proyecto inicial levantado en 1763-1766




Figura 9. Detalle de las ventanas y ventanucos meridionales de la fachada principal en que las dovelas inferiores se encajan con el alfeizar.

6.5. CONCLUSIONES

A modo de conclusión se puede decir que la Casa Cornide es un edificio en el que las necesidades de usos y los cambios que una vivienda puede necesitar en un período de 257 años no han variado el exquisito proyecto inicial. Suponemos que interiormente esos cambios han sido de gran envergadura, pero las fachadas respetan el espíritu general. Por otro lado, sí que son reconocibles fases y momentos constructivos, lo que aporta todavía más contenido a la historia física del edificio y puede llegar a ponerse en relación con la historia inmaterial del mismo como valores que se complementan y engrosan las perspectivas patrimoniales que se le pueden exigir a cualquier elemento que forme parte de los catalogados como Bien de Interés Cultural.

BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA

- Azkarate Garai-Olaun, A., Caballero Zoreda, L., Quirós Castillo, J. A. 2001. Arqueología de la Arquitectura: definición disciplinar y nuevas perspectivas. *Arqueología de la Arquitectura*, 1: 7-10.
- Barral Ribadulla, D. 1996. Nuevas aportaciones a la historia de la judería coruñesa, sus manifestaciones artísticas, *Sefarad*, 56 2: 423-435
- Blanco Rotea, R. 2003. Arquitectura como Construcción Estratificada. *Revista Arqueología de la Arquitectura*, 2, pp. 201-8. Vitoria-Gasteiz: Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco.
- Blanco Rotea, R. 2004. La arqueología de la arquitectura como instrumento para el análisis, la interpretación y la gestión los centros históricos. En *Diálogos Urbanos. El centro histórico como espacio de desarrollo humano y social* (Santiago de Compostela. 8-12 de noviembre de 2004), organizado por la Universidad de Santiago y la Xunta de Galicia, a través de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Bonet Correa, A. 1984. La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII. Madrid.
- Caballero Zoreda, L. 1995. Método para el análisis estratigráfico de construcciones históricas o «lectura de paramentos». *Informes de la Construcción*, 46 (435): 37-46.
- Caballero Zoreda, L. 1996. El método arqueológico aplicado al proceso de estudio y de intervención en edificios históricos. L. Caballero Zoreda y C. escribano Velasco (Eds.), *Actas Arqueología de la Arquitectura*, pp. . Burgos: Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura.
- Cabellero Zoreda, L. 1992. Sobre el análisis arqueológico de las construcciones históricas. En *II Encuentros sobre Arqueología y Patrimonio de Salobreña. Arqueología del Monumento*.
- Fernandez Camaño, J.M. 2004. La Coruña vista desde sus libros de actas. Madrid: VIsion Net.
- Mañana, P., Blanco, R. y Ayán, X. 2002. Arqueotectura 1: Bases teóricometodológicas para una Arqueología de la Arquitectura . TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio) 25. Santiago de Compostela: Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente y Paisaje (IIT, USC).
- Vedia y Goossens, E. 1845. Historia y descripción de la ciudad de La Coruña. Editorial Maxtor.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

7. A ARQUITECTURA - ESTRUTURA.

Elena Sarmiento Díez, colexiada 3934, Aestudio Arquitectura y Urbanismo.

Adrián Martín Prieto, colexiado 3677, Aestudio Arquitectura y Urbanismo.

7.1. INTRODUCCIÓN

1.1. Descrición da toma de datos de campo

Os Arquitectos redactores do presente informe visitaron o inmoble o 20 de xuño de 2020. A inspección limitouse á envolvente exterior do edificio dado que a propiedade do edificio non autorizou a ningún dos técnicos para visitar o interior da Casa Cornide. Co fin de lograr unha mellor aproximación ao ben obxecto de análise dispúxose dunha plataforma de tesoiras autopropulsada que posibilitou unha inspección completa das fachadas e da cuberta do inmoble. A inspección a bordo da plataforma foi realizada polo técnico redactor do informe Adrián Martín Prieto quen foi acompañado por Javier Guerreiro da empresa GeoBim Solutions S.L. que compaxinou esta con tarefas de rexistro tridimensional do edificio mediante escaneado laser 3d. Durante a realización da inspección procedeuse a realizar fotografías 2D, fotografías de 360 graos e o referido rexistro tridimensional mediante escaneado láser. Cando no presente informe non se indique a fonte entenderase que as fotografías pertencen á inspección do 20 de xuño de 2020 e que foron realizadas por algún dos membros do equipo multidisciplinar encargado do inicio do expediente de incoación como BIC da Casa Cornide.



Figura 1. Inspección da envolvente exterior da Casa Cornide desde Inspección plataforma elevadora

1.2. Fontes dos datos empregados no informe

A finalidade deste informe é exclusivamente a descrición construtiva e estrutural da Casa Cornide, polo que non se repetirá, nin se duplicará a información contida noutros documentos que forman parte do mesmo expediente de inicio de incoación do BIC.

Os Arquitectos redactores consultaron directamente a documentación existente no Arquivo Municipal da Coruña, mentres que a outros documentos planimétricos e escritos tiveron acceso de xeito indirecto a través de informes que forman parte do mesmo expediente como son:

- Informe Histórico "Casa Cornide", junio de 2020, elaborado por Emilio Grandío Seoane, Arturo Abad Pardo, Alfonso Iglesias Amorín e Manuel Pérez Lorenzo.

- Informe Histórico "Casa Cornide", elaborado por Alfredo Vigo Trasancos

- Expediente de obras 621/2017/1619. Conservación de cuberta. 2017

Ten interese porque aporta información sobre a composición construtiva da cuberta actual e tamén planimetría do estado actual e configuración da planta baixocuberta. Incorpóranse ao apartado da planimetría "4.1. Estado actual" varios planos do "Proxecto Básico e de Execución de obras de conservación e mantemento de cuberta de edificio" redactado polo Arquitecto Ricardo Chans García en maio de 2017

- Expediente de obras 621/2020/445. Limpeza de fachada. 2020

Ten interese xa que é unha obra que todavía non se autorizou desde o PEPRI, requeriéndosele á propiedade o informe previo dun restaurador. Esta información poderá ampliar mediante a realización de ensaios, a diagnose sobre o estado da fábrica de pedra que se detalla neste informe.

Por último, desde o Concello da Coruña debería requeriéndosele á propiedade do edificio a redacción do "Informe de avaliación do edificio" segundo o previsto no CAPÍTULO II Informe de avaliación de edificios na LEI 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Deste xeito obteríase un coñecemento pormenorizado do estado de conservación do inmovible nos termos previstos no Artigo 6. Contido do informe de avaliación dos edificios

1. O informe de avaliación do edificio identificará o edificio con expresión da súa referencia catastral e a súa identificación rexistral a través do Código rexistral único (CRU), ao que se refire o artigo 9 da Lei hipotecaria, e conterá, como mínimo, a seguinte información:

a) A avaliación do estado de conservación do edificio, que incluíra o seu estado xeral, o dos seus elementos estruturais e construtivos e mais o das instalacións que non requiran, pola súa normativa sectorial, inspeccións técnicas específicas, así como as patoloxías ou deficiencias que se poidan apreciar coa inspección visual. No caso das instalacións que requiran, de acordo coa súa normativa de aplicación, unha inspección técnica específica, o persoal técnico que efectúe a avaliación do edificio limitarase a requirirlles ás persoas usuarias, propietarias ou administradoras a presentación dos correspondentes contratos de mantemento, os boletíns, os informes ou os outros documentos que acrediten o cumprimento das exixencias propias de cada instalación.

b) A avaliación das condicións básicas de accesibilidade universal e non-discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e a utilización do edificio, de acordo coa normativa vixente, para establecer se o edificio é susceptible ou non de realizar axustes razoables para satisfacelas.

c) A certificación da eficiencia enerxética do edificio, co contido e mediante o procedemento establecido pola normativa vixente.

d) Nos edificios catalogados e declarados bens de interese cultural (BIC), a avaliación do estado de conservación dos elementos merecentes de protección cultural de acordo coas determinacións do catálogo, a declaración do ben como de interese cultural ou as normas que determinen a súa protección.

e) A avaliación de calquera outra condición básica da edificación que se determine de xeito regulamentario.

2. Regulamentariamente determinarase o contido detallado, a estrutura, o alcance e os efectos derivados dos informes de avaliación dos edificios.

Con toda esta información poderíase ampliar o presente informe construtivo e estrutural máis alá da inspección visual sobre a envolvente exterior.

7.2. DESCRICIÓN CONSTRUTIVA

2.1. Fábrica exterior

A maior parte das tres fachadas da Casa Cornide formalízanse na actualidade por una fábrica de sillería granítica vista agás unhas pequenas zonas cara á Rúa Porta de Aires que se atopan revocadas con morteiro acabado con pintura. As tres fachadas contan cun grosor aproximado duns 85 - 90 cm de grosor, agás no tramo correspondente ao solar da Rúa Veeduría que se incorpora no 1951 á edificación onde o espesor é de 50 cm. Estimouse este espesor a partir da dixitalización e escalado da planimetría de 1957 procedente da caixa de plano 6529(11) do Arquivo Municipal da Coruña. Esta planimetría dixitalizada anéxase no apartado 4 deste informe.

A pedra empregada en toda a envolvente exterior é granito de tonalidade morena e gran homoxéneo. Incluso na fachada Sur onde sabemos que se levou a cabo a ampliación da vivenda mediante a incorporación do solar número 7 da Rúa Veeduría, en torno a 1951, a pedra eleixida para esta presenta características de tonalidade, cor e gran moi similares aos da edificación orixinal que o paso do tempo contribuí a homoxeneizar todavía máis se cabe.

A altura dos sillares é moi regular sendo a meirande parte das pezas de 40 cm, cunhas variacións entre os 37 e os 43 cm, o que resulta moi recorrente en edificacións deste tipo.



Figura 2. fachada principal cara á Rúa Damas e praza da Colexiata de Santa María do Campo



Figura 3. Rúa Veeduría; á esquerda da pilastra central vista do corpo engadido en 1951 á edificación principal

Figura 4.



Figura 5. a fachada cara á Rúa Veeduría é a única con zonas revocadas e pintadas

En canto aos morteiros de xunta, a inspección visual permite identificar varios tipos diferentes pola súa cor e textura o que nos fala de sucesivos procesos de reposición de encintados ao longo

do tempo. En moitos dos panos o morteiro de xunta posúe una cor grisácea o que apunta a que se trata de morteiros con conglomerante de cemento. Na esquina redondeada da Rúa Veeduría coa Rúa Damas atopamos un morteiro ocre de aspecto "plástico" que suxire a existencia dalgún tipo de aditivo plastificante e sen árido visto. Sen dúbida trátase dun morteiro aplicado recentemente coa intención de lograr unha maior impermeabilización das xuntas nesta zona da fachada que pola súa configuración é a máis exposta as inclemencias meteorolóxicas.




Figura 6. detalle de morteiros de cemento na fachada da Rúa Veeduría




Figura 7. exemplo de encintado con morteiro de aspecto plástico

En calquera caso o estado dos encintados das fachadas é bo de forma xeral, só observándose a su perda parcial nalgúns zonas da cornixa de cuberta, en diferentes impostas da fachada e na esquina curva entre a Rúa Veeduría e a Rúa Damas. Nesta zona obsérvase un deterioro notable

das arestas da sillería resultado da súa maior exposición as inclemencias meteorolóxicas e á acción continuada da auga de chuvia evacuada dende a gárgola de cuberta. Como veremos máis adiante no apartado adicado a cubertas, as dúas gárgolas coas que conta a fachada principal con moi curtas polo que non conseguen alonxar o suficiente a auga da propia fachada.



Figura 8. exemplo de algunhas xuntas entre sillares parcialmente abertas na cornixa da Rúa Veeduría

Respecto ao revestimento de morteiro que atopamos aplicado parcialmente na fachada cara á Rúa Porta de Aires presenta en xeral un mal estado de conservación. A pintura de acabado perdeuse en moitas partes, observándose tamén panos fisurados. A zona máis deteriorada correspóndese con extremo noroeste desta fachada.

Como xa se comentou, non foi posible recoller ningunha mostra de morteiro de cara á súa análise. Con todo, nas zonas onde se perdeu a pintura branca obsérvase un revestimento de cor grisácea que nos da idea dun morteiro de cemento e non de cal.



Figura 9. revestimento de morteiro deteriorado na Rúa Porta de Aires

Ademais dos panos de fábrica lisa ou ordinaria que caracterizan as fachadas da Casa Cornide, dentro dos elementos de cantaría destacan os balcóns de formas curvas, a formalización dos ocos nos que en moitos casos incorpóranse pequenos frontóns curvos a modo de tornachuvias e a cornixa moldurada de remate superior que na fachada principal ascende e ábrese para enmarcar o escudo central.

Os elementos de cantaría asociados á formalización dos ocos analizaranse polo miúdo e de forma individualizada no apartado da planimetría "anexa 3.2 Carpintarías exteriores" polo que nesta apartado únicamente comentarase algunhas cuestións xerais referidas ás patoloxías máis recorrentes nos ocos da fachada.

Neste apartado do informe describiranse de forma individualizada as características e estado de conservación dos seguintes elementos singulares de cantaría:

1. Balcóns
2. Cornixa
3. Gárgolas
4. Escudo
5. Impostas
6. Zócalo inferior

2.1.1. Balcóns

A Casa Cornide conta con dous balcóns que formalmente son un dos elementos máis característicos da súa imaxe exterior debido ás súas formas curvas seguindo a mesma linguaxe que se propón para outros elementos como as esquinas da propia edificación, a cornixa, os ocos e os seus frontóns, a reixería, etc.

Na fachada principal cara á Rúa Damas destaca o gran balcón da primeira planta cunha dimensións de 9,80 m de longo por 1,10 m de ancho.



Figura 10. vista do balcón principal cara á Rúa Damas

As pezas que forman a ménsula inxérense na fiada da liña de imposta da planta primeira (uns 23 cm de alto) e na fiada inmediatamente anterior a esta (aproximadamente 49 cm de alto). Resulta moi remarcable o traballo de cantaría sobre todo no xeito en que estereotomía das ménsulas fúndese cos linteis das ventás V28 e V30 que flanquean a porta principal.

O estado de conservación da cantaría que forma o balcón é moi bo, non observándose ningunha peza fracturada ou con perdas de material relevante. Óservase colocanización biolóxica en forma de liques na fronte do balcón ata o punto onde a moldura forma “goterón” e a aguda da chuvia esvara. Pola parte superior as pezas foron encintadas con morteiro de cemento dun xeito excesivo como adoita acontecer frecuentemente con estes elementos.




Figura 11. a estereotomía da ménsula do balcón principal fúndese á perfección con lintel de V30

Segundo a mesma linguaxe formal que o balcón principal atopamos o pequeno balcón cara á Rúa Veeduría. Neste caso a fusión co lintel do oco inmediatamente inferior, a ventá V15, é total xa que o balcón sitúase no seu eixo. Lógrase deste xeito unha unidade de deseño entre o balcón e o oco inferior que resulta moi novidosa. O estado de conservación da sillería que forma este balcón é o mesmo que no balcón principal, presentando un fronte cuberto con liques ata o goterón e suciedade por escorrentías de auga e contaminación atmosférica.



Figura 12. unidade de deseño entre balcón e ventá inferior V15

2.1.2. Cornixa

Como xa comentamos neste informe a cornixa é outro dos elementos distintivos da Casa Cornide, sobre todo na forma tan sutil e sinuosa en que este elemento enmarca o escudo. Na sección da cornixa destaca a súa forma curva que remata nunha esbelta tabica exterior formalizando o “goterón” para afastar a auga da fachada. Este elemento tan esbelto resulta moi estético pero nel tamén reside a súa debilidade.

O seu estado de conservación é regular xa que se trata dun elemento moi exposto e na actualidade luce sucia e descoidada.

Como xa sinalamos anteriormente ao longo de toda a cornixa existen toda unha serie de faltas de material resultado da erosión do vento e a auga ao longo do tempo e as xuntas entre sillares están en moitos casos abertas.



Figura 13. vista da cornixa cara á Rúa Damas onde se modifica para enmarcar o escudo

2.1.3. Gárgolas

Existen dúas gárgolas nas esquinas exteriores da edificación. Trátase de elementos moi secundarios na composición da fachada ata ao punto de que semellan querer pasar desapercibidos dentro da cornixa. Dalgún xeito é como se foran unha modificación moi sutil de dous sillares da propia cornixa.

Debido á súa reducida dimensión non conseguen afastar o suficiente a auga da fachada. Isto ocasiona que a auga da choiva deteriore a propia fachada, sobre todo na esquina surleste. Como veremos no apartado adicado á cuberta durante moito tempo estiveron sen uso sendo substituídas nas súas funcións por dúas baixantes.

O estado de conservación da pedra é malo en ambos os casos presentando unha fronte arenizada con perda do tallado orixinal que só se conserva na parte inferior.



Figura 14. as gárgolas case non voan con respecto a cornixa ata o punto de pasar desapercibidas dentro desta

2.1.4. Escudo

O escudo da fachada principal cara á Rúa Damas está tallado nunha pedra diferente ao do resto da fábrica exterior, dunha tonalidade máis gris e menos tostada. O escudo inxérese na fábrica ata a clave do lintel da ventá V24, que se modifica en altura con respecto ao resto de fiadas para acoller o motivo escultórico. O estado de conservación do escudo é bo, aínda que se perderon algúns detalles da talla e existe unha pequena colonización biolóxica en forma de liques e vexetación de peque porte, así como suciedade por contaminación atmosférica e deposicións de aves.

2.1.5. Impostas

Existen dúas liñas de imposta marcando os niveis das plantas primeira e segunda. O estado de conservación destes elementos é bo en xeral non observándose patoloxías reseñables.

2.1.6. Zócalo inferior

A fachada conta cun zócalo exterior de altura variable e que se escalona para adaptarse aos desniveis entre as rúas Porta de Aires e da Veeduría.

En orixe na fachada da Rúa Veeduría non existía un zócalo propiamente dito como no caso das outras dúas fachadas senón que a sillería continuaba no mesmo plano ata atoparse co nivel do chan cunha moldura de peque altura. (Véxanse as fotografías de 1962 do Arquivo Chamoso Lamas: Real Academia Galega de Belas Artes que se reproducen neste informe máis adiante). Na actualidade esta pequena moldura zócalo dá a volta desde Damas pero logo é reemplazada por un zócalo recto de nova creación na obra de 1964, asociado á apertura dos tres novos ocos (V47, V48 e V49) na planta semisoto cara á Rúa Porta de Aires.



Figura 15. vista do escudo da fachada principal



Figura 16. o zócalo desaparece na fachada da Rúa Porta de Aires

Cara ás rúas Damas e Veeduría o zócalo presenta un aspecto desgastado pola súa exposición durante anos ao tráfico rodado, perdéndose a definición da súa moldura superior.

As arestas dos sillares están erosionadas, as xuntas abertas e presenta machas de costras negras sobre todo no encontro coa vía pública.



Figura 17. o zócalo presenta un aspecto deteriorado

Patoloxías identificadas na pedra da fachada

A continuación enuméranse os danos e patoloxías que se puideron identificar de forma visual durante a inspección do inmoble. Non é posible facer unha análise completa e pormenorizada de todas as patoloxías posto que non se puideron tomar mostras.

A seguinte clasificación de patoloxías baséase na clasificación e nas definicións que propón o "Proxecto COREMANS. Criterios de intervención en materiais pétreos" editado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do Goberno de España en 2013. (* Reprodúcense parcialmente algunhas das definicións desta publicación.)

1. Lesións que comportan perda de materia:

Distintas lesións teñen como resultado a perda de materia, producindo un retroceso da superficie exposta e unha diminución de volume, así como a perda de detalles nas superficies labradas

No caso da Casa Cornide este tipo de danos son moi limitados atopándose de forma xeral cunha fábrica en bo estado de conservación.

1.1. Erosións

Cando falamos de erosión referímonos fundamentalmente á acción abrasiva debida a axentes externos, sobre todo o vento cargado de partículas e á chuvia, os cales producen desgaste por fricción e arrastre do material erosionado. Os materiais pétreos poden amosar erosión diferencial cando se empregan en forma de sillería como é o caso desta edificación. Este sillares únense con morteiro que cando é puco resistente ou se retrae, a alteración da pedra vese favorecida nos bordes dos sillares que tenden a perder as súas arestas producíndose o seu redondeamento. Este fenómeno o atopámolo con maior intensidade na fachada da Rúa Veeduría por ser a máis exposta a acción da choiva a aos ventos dominantes. Como xa se sinalou a zona coa sillería máis erosionada correspóndese co zócalo da esquina redondeada entre a Rúa Damas e a Rúa Veeduría. Nesta zona ademais da erosión natural atopamos danos de tipo mecánico por tratarse dunha zona exposta durante moitos anos ao tráfico rodado.




Figura 18. exemplo de perda de material nas arestas pola erosión da auga

1.2. Disgregacións

A perda de material pode producirse por separación e caída progresiva dos grans ou partículas que compoñen o material. No caso do granito falamos de arenización cando se desprenden grans de tamaño de area, ao redor dun milímetro. Este proceso prodúcese por diversas causas, entre as que sempre destaca a auga. Se ademais esta contén sales, acelérase o proceso.

Na Casa Cornide os procesos de arenización atopámoslos dunha forma moi localizada en elementos como os recercados de ocos como acontece co V17 da fachada principal cara á Rúa Damas na que se pode apreciar a perda de definición do recercado perimetral da ventá sobre todo na zona superior de xambas e no lintel.



Figura 19. exemplo de recercado de oco V17 arenizado

1.3. Desprendementos

Correspóndense coa separación e caída de fragmentos de materia: exfoliacións, descamacións, desplazacións, desconchaduras, etc.

En xeral non existen desprendementos relevantes na fábrica da Casa Cornide. Atopamos perdas de materia nalgunhas pezas do bordo exterior da cornixa de coroación.



Figura 20. exemplos de desprendementos no borde da cornixa

Tamén atopamos desprendementos asociados a procesos de corrosión de elementos metálicos como a rexería exterior.



Figura 21. exemplo de fragmento desprendido e pegado de novo en V33, da fachada da Rúa Damas

2. Lesións que implican aporte de materia (depósitos e produtos de alteración)

Inclúese o conxunto de depósitos superficiais e produtos de alteración, alleos á pedra e con frecuencia nocivos para a súa conservación. Os depósitos están formados por materia acumulada na superficie, de orixe diverso, espesor variable e, polo xeral con baixa cohesión e pouca adhesión ao sustrato pétreo. Os produtos de alteración pola contra, son o resultado de reaccións entre os axentes exógenos e o material pétreo subxacente. Todos estes aportes de materia comportan, ademais de cambios morfolóxicos, a alteración cromática da superficie.

2.1. Depósitos

O termo depósito considérase xenérico e, se se analiza a natureza do material, pode precisarse o correspondente tipo: de pó, de excrementos, etc. O depósito de pó é resultado da sedimentación de materia diversa en canto á súa orixe e natureza: partículas terrígenas

(arxilas, cuarzo, calcita...), produtos derivados da combustión (cinzas, hollíns, fume...) e partículas de orixe orgánico (esporas, polen...), todas elas de granulometría moi fina.

Nun contexto urbano como no que se sitúa a Casa Cornide existe un importante grao de contaminación atmosférica que se traduce en depósitos de todo tipo sobre os paramentos exteriores. Estes depósitos téndese a concentrar nas superficies horizontais expostas como cornixas, linteis, balcóns, impostas, etc.

Un tipo especial de depósito polos seus danos asociados á pedra son as eflorescencias. Enténdese por eflorescencia a capa externa branquecina, máis ou menos pulvorenta ou finamente cristalina, pouco coherente e debilmente adherida ao substrato, composta por sales solubles. Estas sales poden ter distinta orixe como son a contaminación atmosférica, aerosoles marinos, morteiros, recheos de muros, augas freáticas, etc. Cando estas sales precipitan sobre a superficie do material falamos de eflorescencias.

Para coñecer a concentración e tipo de sales presente na fábrica da Casa Cornide sería necesario facer un mapa de sales a partir dunha toma de mostras e posterior análise. A simple vista obsérvanse manchas branquecinas en distintos puntos da fachada como acontece por exemplo na cornixa cara á Rúa Porta de Aires, o que nos pode estar dando idea da existencia de sales existentes no morteiro co que están tomadas as tellas sobre estas ou do propio encintando da sillería.



Figura 22. manchas branquecinas na cornixa que poden corresponderse coa existencia de sales

2.2. Pátina

Chámase pátina á capa máis externa dos materiais, variable en canto a orixe e espesor aínda que sempre moi delgada, adherida ao substrato e que supón unha alteración cromática. Por enriba da pátina natural, como sobre todo as artificiais, ou ben directamente sobre o substrato pétreo, en moitos edificios históricos situados en ambientes urbáns fíxase a sucidade. Esta capa ou pátina de sucidade, que se incrementa co paso do tempo, é debida principalmente á contaminación atmosférica, aínda que os microorganismos tamén poden intervir na súa formación, sendo difícil establecer a importancia de ambos factores.

Na Casa Cornide é difícil distinguir a existencia de pátinas naturais debido a suciedade depositada sobre á fábrica sobre a que se fala no seguinte punto.

2.3. Produtos de alteración

Entre os produtos de alteración máis frecuentes que atopamos sobre as fábricas pétreas atópanse a suciedade e as costras. O ensuciamento caracterízase por mostrar superficies de tonos grises ou pardos, máis apagados que o propio material. Os produtos de alteración máis evolucionados e importantes como lesións son as costras. Xeralmente son negras e están constituídas por xeso, sendo coñecidas en este caso como costras negras. Este tipo de costras implican unha notable transformación da superficie do material xa que se xeneran pola reacción da pedra con produtos exógenos da contaminación.

Nas fachadas da Casa Cornide atopamos numerosos depósitos de suciedade derivada da contaminación atmosférica así como costras negras, sobre todo na parte inferior das fachadas en contacto coa vía pública.



Figura 23. exemplo de costra negra no encontro da fachada coa vía pública

2.4. Colonización biolóxica

En xeral, a actividade dos organismos, básicamente vexetais, produce aportes; aínda que as veces tamén provoca perdas de material. Os primeiros en desenvolverse son os microorganismos, onde se inclúen as bacterias e, en parte, os fungos e as algas. As bacterias poden xerar pátinas ou costras negras e tamén pátinas branquecinas, outras veces producen pulverización e decamación. Os fungos, normalmente menos frecuentes e asociados ás bacterias, poden orixinar manchas escuras e tamén descamación e picado; en ocasións distínguense polo seu aspecto filamentososo ou algodonoso. As algas son propias das zonas sombrías e húmidas, sendo fáciles de distinguir por desenvolver pátinas de cor verde a gris escuro, ás veces avermellado ou pardo, e tamén polo seu aspecto xelatinoso; normalmente están ben adheridas ao substrato. Os liques son característicos de ambientes naturais non contaminados e desenvolven costras a modo de manchas máis ou menos redondeadas, ás veces de rechamantes cores e aspecto encortizado. Os musgos tenden a presentarse en zonas horizontais ou con escasa inclinación, e tamén son fáciles de

identificar pola súa cor verde, o seu maior espesor e a consistencia branda das súas talos. Debaixo deles o material pétreo mantén certo grao de humidade e empeza a transformarse nun substrato fértil onde enraízan os talos. Se continúa a colonización, sobre ese inicio de chan xerado polos musgos, poden desenvolverse plantas superiores, comezando a aparecer herbas e arbustos. As plantas tamén poden enraizar directamente en gretas e en xuntas entre perpiaños, exercendo neste caso un efecto mecánico sobre os materiais. O desenvolvemento de herbas e plantas adóitase describir como presenza de vexetación. Excepcionalmente existen outros tipos de depósitos procedentes de certos animais, como son as teas de araña ou os niños de insectos.

Na Casa Cornide a colonización biolóxica que podemos detectar visualmente é mínima e límitase a uns poucos liques na cornixa sobre o escudo da fachada principal, nalgunha da liñas de imposta e tamén nos balcóns e outros elementos moldurados. A presenza de especies vexetais é mínima e circunscríbese ao contorno do escudo da fachada principal e a superficie de tellas que non se reemplazarou no 2017 como se comentará no apartado adicado á cuberta do inmobile.



Figura 24. Exemplo de liques amarelos na fachada cara á Rúa Veeduría.



Figura 25. a colonización biolóxica é mínima e só se da en balcóns e elementos escultóricos como o escudo

3. Lesións que só afectan á cor e ao brillo da superficie

Na alteración cromática, o cambio que sofre a superficie do material refírese exclusivamente á cor ou ao brillo, e non se aprecian ou se consideran irrelevantes as perdas ou achegas de materia. De acordo con isto, dentro das variacións cromáticas inclúese en primeiro lugar a pátina natural, previamente descrita que como se comentou non implica deterioración.

Dentro das lesións deste tipo na Casa Cornide atopamos:

3.1. Manchas

Enténdese por mancha un cambio de cor accidental e localizada na superficie do material que normalmente supón escurecemento. As manchas poden deberse a distintas causas: humidade, contacto con metais, con substancias orgánicas, compostos aplicados á superficie (tratamentos de conservación), etc. Un tipo frecuente de manchas son as debidas á humidade, as cales sempre supoñen un escurecemento do material, e que son as de maior extensión sobres as fachadas da Casa Cornide.

O termo tinción tamén refírese a un cambio de cor accidental e localizada, pero neste caso trátase dunha pigmentación (cambio de ton) producida polo contacto da pedra con materiais alleos a ela, que, ao alterarse, xeran produtos coloreados (compostos de ferro que tinguen de vermello, de cobre que tinguen de verde...). Un tipo frecuente de tinción é a ferruxe debida á oxidación de elementos de ferro, asociados aos materiais pétreos en moitas edificacións (reixas, varandas, vástagos...). No caso da Casa Cornide aínda que a existencia de reixería histórica en fiestras e balcóns provocou danos na fábrica, na actualidade este tipo de manchas practicamente non se aprecian.

O moteado consiste en variacións puntuais de cor e pode deberse, entre outras causas, á existencia de compoñentes minoritarios no material que se alteran ou tamén ao desenvolvemento de organismos como fungos e liques que se viron anteriormente.



Figura 26. exemplo de manchas derivadas da corrosión das varandas da ventá V12 na fachada cara á Rúa Veeduría

3.2. Grafitis

Dentro das alteracións cromáticas de orixe antrópica atópanse algúns grafitis e as pintadas. Determinados grafitis sen relevancia histórica e as pintadas inclúense entre os danos para eliminar. A Casa Cornide foi obxecto de pintadas nos últimos tempos algunha das cales aínda se conservan como unha serie de manchas de pintura vermella espalladas pola fachada da Rúa Veeduría ou a que se sitúa no zócalo da fachada principal. As pintadas provocan un dano dobre á fábrica: o primeiro no momento en que se fan e o segundo cando se procede a súa eliminación. Esta circunstancia é moi notoria na esquina entre as rúas Veeduría e Damas, que foi obxecto de sucesivas pintadas que ao ser retiradas danaron superficialmente a propia sillería ao empregar algún tipo de produto químico ou algún sistema de proxección pouco axeitado e respectuoso co granito.



Figura 27. pintada na fachada principal e restos doutras anteriores retiradas da fachada cara á rúa Veeduría

4. Lesións relacionadas coa deformación e rotura do material

Desde o punto de vista mecánico os materiais poden presentar distintos comportamentos. Nos materiais pétreos predomina o comportamento elástico e, por tanto, son esencialmente fráxiles. En consecuencia, cando se someten a esforzos crecentes chegan a fracturarse sen apenas manifestar deformación.

4.1. Deformación

Pode producirse deformación sen cambio de volume relevante, isto ocorre cando os materiais presentan formas planas (placas, laxes...) o lineares (columnas, linteis...). Para designar estas deformacións úsanse termos como combadura, pandeo, alabeo e torsión, que en esencia responden a similar comportamento; o primeiro pode considerarse xenérico e os outros máis específicos. O inchamento caracterízase por un abombamento ou levantamento da superficie e termina co desprendemento de pequenos fragmentos da capa superficial, seguido da disgregación do material subxacente.

Trátase dun comportamento pouco frecuente na fábrica pétreo e que non se observou na Casa Cornide.

4.2. Bochas

Unha bocha é o resultado do despegamento dunha costra ou da capa superficial alterada. Caracterízase por presentar aspecto máis ou menos bombeado e internamente baleirado, con tendencia a eclosionar e conter no seu interior o material do substrato disgregado. Para que se formen bochas é necesario que exista certa diferenciación da capa superficial, de forma que esta sexa capaz de bombearse ou levantarse inicialmente sen romper. Este tipo de bochas, que apenas presentan ocos entra a parte externa –máis coherente– e a interna, orixínanse por procesos inchamento como os indicados.

Durante a inspección das fachadas da Casa Cornide non se detectou a existencia de bochas.

4.2. Rotura

As tensións xeradas no seo dos materiais pétreos, xa sexa por causas naturais ou por cargas estruturais, poden conducir á rotura. Neste caso o plano de rotura é perpendicular ou subperpendicular á superficie exposta, a diferenza da disxunción, onde a rotura é paralela e favorece o desprendemento de material. A rotura prodúcese segundo direccións de debilidade no material, aproveitando discontinuidades xa existentes ou creando outras novas. A orientación de compoñentes texturais (grans, poros, fisuras...) tende a condicionar os planos de rotura. Ademais, nos edificios, a dirección de rotura depende dos esforzos que afectan á estrutura e que soportan os materiais (asentamentos, sobrecargas...).

- Fisura: As fisuras son discontinuidades de pequeno tamaño (apertura menor dun milímetro), de trazado curto e rectilíneo, e sen desprazamento entre ambas as superficies. Cando son moi pequenas, imperceptibles a primeira ollada (décimas de milímetro), denomínanse microfisuras.
- Greta: As gretas son de tamaño grande (varios milímetro de apertura), visiblemente abertas, de trazado máis longo e ás veces complexo, e poden mostrar desprazamento entre ambas as caras.
- Fractura: As fracturas, en principio, corresponden ao tamaño intermedio, aínda que este termo tamén se utiliza xenericamente para designar todas estas discontinuidades.

Como xa se comentou ao longo dos apartados anteriores as fracturas que atopamos na fábrica exterior da Casa Cornide débense as seguintes causas:

1. Orixe estrutural

Como vimos no caso do lintel fracturado do ventanuco V14, trátase dun problema que semella circunscribirse á propia execución do oco. En orixe existía unha ventá máis estreita e alta que se substitúe en torno ao ano 1951 polo ventanuco actual, máis ancho. É moi probable que a fractura do lintel se xere ao pouco ou no mesmo momento da apertura do novo, e que esta á súa vez ocasione a fractura da imposta orixinal inmediatamente superior.



Figura 28. exemplo de fractura no lintel do oco V14 transformado en 1951 e da imposta sobre este

Unha fractura moi similar a esta atopámola tamén no lintel da ventá V21 na fachada principal cara á Rúa Damas. Este dano aparece detallado no anexo "estadillo de carpintarías exteriores".

2. Por corrosión de elementos metálicos

Outra das causas da xeración de fracturas que atopamos na Casa Cornide é pola inserción de elementos metálicos como reixas de protección de ocos ou varandas en balcóns. A corrosión destes elementos metálicos no seu empotramento na fábrica debido á acción do osíxeno e a humidade, ocasiona un aumento de volume que acaba por fisurar a pedra. Cando as reixas orixinais son substituídas no tempo por outras, a miúdo o sistema de ancoraxe orixinal baseado en realizar os empotramentos con chumbo reemplázase por morteiros ou outros materiais que non impiden a entrada de osíxeno acelerando de novo o proceso de corrosión.




Figura 29. exemplo de fractura da pedra por corrosión da reixa

3. Por acción de axentes externos

Xa sexan debidos a axentes meteorolóxicos: vento e choiva; como vimos no caso dos desprendementos de materias da cornixa ou ben debidos a danos mecánicos como consecuencia da acción do home e sobre todo do tráfico rodado nas zonas máis expostas do edificio.

2.2. Carpintaría exterior

Neste apartado comentarase de forma xeral as características e estado de conservación das carpintarías exteriores e os seus elementos asociados formalizados en cantaría granítica ou as reixas de protección.

Anéxase a este informe un estadiño no apartado de planimetría 3.2, no que se trata de forma individualizada cada un dos ocos recolléndose o seu estado actual mediante planos, fotografías e unha memoria descritiva.



Figura 30. toda a carpintaría exterior sitúase a feixes interiores na actualidade

Na actualidade toda a carpintería exterior da Casa Cornide é de madeira, acabada con esmalte de cor "marrón chocolate" agás a porta do garaxe que está pintada con franxas brancas e vermellas dun xeito moi chamativo. As ventás e portas sitúanse en todos os casos a feixes interiores. Sen embargo sabemos que antes da reforma do ano 1964 as fiestras das plantas primeira e segunda (agás o ventanuco V14) situábanse a feixes exteriores. Isto correspóndese coa tipoloxía tradicional de ventás rasadas sen marco propia da arquitectura tradicional galega. Pola información fotográfica do "Arquivo Chamoso Lamas: Real Academia Galega de Belas Artes" sabemos que toda a carpintaría exterior excepto a porta principal de acceso estaban pintadas de cor branca. Na fotografía que se adxunta datada aproximadamente en 1966, xusto despois da reforma máis importante, a de 1964, pódese observar que a carpintaría exterior sitúase xa a feixes interiores e incorpora marcos. Non é posible precisar a cor destas xa que se trata dunha imaxe en branco e negro, pero está claro que nese momento aplícaselle unha cor escura a toda a carpintaría exterior, diferente no caso da porta principal, como acontece na actualidade.

As ventás son sempre de dúas follas, con marco e presentan vidros sinxelos enmasillados exteriormente sobre os marcos das follas e os partevidros. Trátase da configuración propia da arquitectura tradicional, polo que semella que as ventás non se modificaron desde a obra de 1964. Os vidros son transparentes en xeral agás nas ventás cara á Rúa Porta de Aires onde son translúcidos.

Durante a inspección realizada comprobouse que todas as ventás dispoñen de contraventá interior asociada á propia carpintaría como sistema de escurecemento e protección. Nalgunha das fotografías publicadas polo portal inmobiliario no que se puxo á venda a vivenda en xullo de 2020 obsérvase que nalgún dos ocos incorporouse unha segunda ventá interior co fin de mellorar o comportamento térmico e acústico.



Figura 31. existencia dunha dobre carpintaría nunha das estancias na actualidade




Figura 32. fotografía de 1962 aproximadamente. "Arquivo Chamoso Lamas: Real Academia Galega de Belas Artes"



Figura 33. fotografía de 1966 aproximadamente. "Arquivo Chamoso Lamas: Real Academia Galega de Belas Artes"

A carpintaría exterior semella atoparse toda en bo estado de conservación e uso. Como se verá de forma individualizada no estadillo anexo, algunhas das situadas na fachada da Rúa Veeduría perderon parcialmente a pintura de acabado; amosando non obstante un bo estado de conservación.



Figura 34. V17 na que se aprecian os ocos dos porlons orixinais das fiestras rasadas e o ancoraxe superior da falleba

